

Shahd Wadi, escritora galega universal

[Marga do Val](#) 25/abr./25

<https://www.nosdiario.gal/opinion/marga-do-val/shahd-wadi-escritora-galega-universal/20250425080022221104.html>

Sei que cando se lea este texto no xornal aínda me dará tempo para animar ás persoas do Condado, da Louriña, do Baixo Miño e da contorna toda, para que se acheguen ao pub Jj Copas, de Pontareas para asistir a túa palestra, Shahd Wadi, co título: A cultura como arma de resistencia. É para non perder, celebrarmos dese xeito un 25 de abril, cunha poeta palestina, que vive en Portugal, que vén ao lugar de orixe de moitas migrantes que procuraron e melloraron vida en Lisboa e falar nunha vila que recuperou a dignidade do seu nome. Insisto para non perder, ás 18:30 e para lle poñermos o teu rosto, á resistencia, e a túa voz, á terra e ao pobo que queremos e sentimos, á súa dignidade coa que fomos botando corpo: Palestina. Foi no Festival da Poesía do Condado do 2024, sempre ponte de comunicación entre mundos, canle aberta coa lusofonía, onde gozamos da túa palabra da poeta por vez primeira.

É un abril distinto, cheo de impotencia e dor, en que seguimos reclamando a liberdade para o teu pobo, podería dicir noso, insisto crecemos con el, para que nos fale a Escritora Galega Universal 2025, nomeada en outubro de 2024, pola AELG. Eu non podo estar máis orgullosa como escritora e galega. Magnífica iniciativa que botou a andar baixo a presidencia de Cesáreo Sánchez, que nomea escritores e escritoras do mundo, Mahmoud Darwich, que foi o primeiro, no 2006 coma ti, de Palestina, ou a portuguesa María Teresa Horta. Representan o oficio literario, a defensa dos dereitos humanos, referentes incuestionábeis, que saben da lingua galega e do país que nomea: Galiza.

Véñenme seguido á cabeza uns versos do libro Fóra de min de María Xosé Queizán, a idea quedoume na memoria: "Teño as raíces nesta terra, pero que son aéreas". Os versos lévanme ao pobo palestino no seu exilio, a quen naceu na terra e foi expulsada sen poder regresar, a quen foi alí concibido e naceu lonxe, a quen xa a terra lle entrou na vida coa palabra que labra o corpo, co corpo que é campo para a palabra. De todo isto sabes moito, Shahd Wadi, ti, poeta e muller, de raíces aéreas, que se asentán noutras terras, estripeiros, da planta nai: Al-Muzayri'a, a aldea de Palestina, da familia, do lar. E as raíces botan corpo deseñando novos mapas, familiares, en Ramallah, e atravesan fronteiras e habitan outras palabras, refuxio, fuxida, camiño, futuro, e van as raíces e prenden en Xordania, e logo, en Exipto, onde ti naces, e agora en Portugal. Pisas Palestina con 15 anos, o meu corpo revólvese pensando no teu sentir. Revólvese pensando no teu irmán que nunca tivo permiso de regreso, partir as familias, o castigo até a fin. Sabes, as túas raíces son aéreas, as do teu pobo, chegan da terra ao ceo, sen mapas, e desde alí, agardan sempre prender de novo en Palestina. Por iso, emociona sentir como ves Al-Muzayri'a desde

lonxe, sen tocala, e emociona a túa man cando recibe unha pedra desa aldea, a túa desde sempre, e emociona saber que a túa terra vive nesa pedra na túa compañía. A túa pedra latexa.

Leo atenta a túa tese: Feminismos de corpos ocupados: as mulleres palestinas no exilio. Leo e agardo falar contigo este 26 de abril en Compostela, no Hotel Araguey, ás 11:30. Desexo que veña moita mocidade, para se envolver nas túas raíces, tamén de quince anos, para lle falares da pedra, poeta.